

Expediente IET: P-21-694
Proxecto: Parque eólico Monte Inxeiro
Concello: Ordes e Cerceda (A Coruña)
Promotor: Green Capital Power, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 30/09/2021 o Servizo de Enerxía e Minas da Coruña somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto do Parque eólico Monte Inxeiro.

1. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

2. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Monte Inxeiro, de 38,115 MW, composto por 11 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, unha torre meteorolóxica, subestación e edificio de control). Os aeroxeradores terán 3,465 MW de potencia nominal, unha altura de 134 metros de buxa e 132 metros de diámetro de rotor. O edificio de control terá unhas dimensións de 30,73x 12,10 m e 4 m de altura e cuberta a dúas augas. A lonxitude total de vías de servizo ao parque é de 7.560 m, dos cales 3.846 son de nova apertura. O proxecto contempla tamén unha liña de evacuación (LAT) dende a subestación do parque hasta a LAT Campelo- Mesón do Vento, deseñada con 2 apoios e 252 metros de lonxitude.

O estudo de impacto ambiental (EsIA) inclúe un EIIP como documento anexo, no que se fai unha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia. Tamén analízase a calidade e a fragilidade visual, descríbense as características básicas do proxecto, calcúlanse as bacías visuais dos aeroxeradores nun radio



de 20 km e indícanse as afeccións a elementos do patrimonio cultural. Complétase este estudo cunha serie de infografías que simulan a visibilidade dos aeroxeradores dende diferentes localizacións.

Por último, identifícanse e valóranse os impactos, descríbense as medidas de integración paisaxística propostas para minimizalos e xustifícase o cumprimento dos obxectivos de calidade paisaxística e as directrices de paisaxe.

O EsIA inclúe ademais un anexo específico (anexo 9) no que se estudan os efectos sinérxicos dende diferentes variables, sendo unha delas a paisaxe. Este estudo considera nun radio de 20 Km todos os aeroxeradores proxectados e as liñas de alta tensión.

3. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, del 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), o lugar no que se proxecta a actuación localízase na grande área paisaxística de Galicia Central, na comarca paisaxística de Terra de Ordes.

As infraestruturas do parque non se atopan dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo, sendo a máis próxima a AEIP-09-09 Ribeira da Pena, a uns 9 km do parque. Respecto a outros elementos recollidos no Catálogo, nun radio aproximado de 5 Km atópanse varios lugares de especial interese paisaxístico (LEIP do Encoro de Vilasenín, o Pazo de Bidueiro e o encoro de Vilagudín), a ruta xacobeá do Camiño Inglés e as sendas PR-G 129 Rodís-Xesteda e PR-G 131 Cerceda - Portobrea.

O proxecto localízase entre os altos de Peneda Branca, o Petón de Quintás e o Alto do Faro, situados a altitudes medias (aprox. 400 m). A paisaxe da contorna está caracterizada por coberturas agrícolas e forestais de produción intensiva, cunha morfoloxía parcelaria alterada por procesos de concentración parcelaria. No bordo noroeste existe un área fortemente alterada por unha xestora de residuos. A pesar do alto grao de antropización do medio, a paisaxe agraria presenta unha boa calidade paisaxística, e o tamaño das parcelas con cultivos agrícolas contribúe positivamente a unha boa apertura panorámica das visuais na contorna do parque.

Os núcleos urbanos máis próximos son os de Mesón do Vento e o de Ordes, localizados a uns 5 km ao nordés e sueste das infraestruturas. De menor entidade pero máis próximos (radio de 1 km) están os núcleos Pepín e Perra ao norte, e numerosos asentamentos nos vales do Rego de Mercurín (especialmente Guntín) e Rego de Lesta ao sur. En canto ás vías de comunicación, son as estradas provinciais AC-409 e AC-413 e a nacional N-550 as afectadas pola cunca visual máis próxima.

4. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O contido do EIIP é completo e axústase ao Regulamento da Lei 7/2008. Porén, as avaliacións dos impactos sobre os núcleos de poboación está ponderada (e polo tanto minusvalorada) ao incorporar a variable de número de habitantes. Así os núcleos situados nun radio de 1 km aos aeroxeradores están cualificados cunha fragilidade media cando a afección visual é alta, tal e como pode constatarase nas infografías. Como consecuencia desta eiva no estudo, esta afección á poboación non está contemplada nas medidas preventivas e correctoras do proxecto en materia de paisaxe.

O proxecto provocará un alto impacto visual vinculado á presenza dos aeroxeradores distribuídos nunha zona elevada con alta visibilidade dende os núcleos situados na contorna máis próxima (1-2 km), quedando esta circunstancia avaliada nas cuncas visuais realizadas no propio EIIP, e é especialmente significativa no caso dos núcleos de Perra, Pepín e Guntín. Ademais, no estudo de sinerxías con outros parques, constátase que no radio de 20 km existen outros 17 parques eólicos en tramitación e 25 LATs, e que existe unha accesibilidade



visual de 66,3% no rango de 22 a 143 aerogeradores, o que resulta de alto impacto paisaxístico derivado da sinerxía.

Neste contexto, se ben este proxecto non vai provocar un impacto sobre elementos de interese paisaxístico recollidos no Catálogo das paisaxes de Galicia, si existe unha afección visual alta sobre varios núcleos de poboación máis próximos. Ademais, nunha escala superior á da contorna inmediata ao parque, o carácter agrícola da paisaxe pode quedar alterado no caso de chegar a construírse todos os parques eólicos en tramitación.

5. Conclusión:

O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido se axusta ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008. Con todo deberán completarse as medidas correctoras coas seguintes directrices:

- De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de núcleos próximos ao proxecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aerogeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir e mitigar o impacto visual. Nestes casos, estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas autóctonas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes.
- Respecto ao edificio de seccionamento do parque eólico, no que atinxe á tipoloxía e características estéticas do edificio de control, deberán respectar as directrices de paisaxe DX.17.c e DX.20.m. Así mesmo, debido á temporalidade da cobertura arbórea de cultivo madeireiro que existe na parcela, co obxecto de garantir o amortecemento visual disporase no perímetro da infraestrutura unha pantalla vexetal realizada con especies autóctonas propias da zona, de acordo coas directrices de paisaxe DX.20.i e DX.20.o.
- De acordo coa directriz de paisaxe DX.22.i, o acondicionamento dos camiños, o trazado das novas pistas e as infraestruturas da LAT deberá respectar, sempre que sexa posible, as sebes, os valados tradicionais e os aliñamentos de árbores, e calquera outro sistema de delimitación tradicional. De acreditarse imposibilidade técnica deberán contemplarse medidas correctoras tendentes á correcta reparación dos danos ocasionados.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 755 / 56
secretaria.iet@xunta.gal
cmatv.xunta.gal

